



(1920 ca)-Gasolinera Cortés na Crt. Ribadavia

Imaxes para unha vila

Texto: **Xosé Manoel Rodríguez**

Imaxes: **Asociación Fotográfica O Potiños**

Andaba a espallarse a maxia das imaxes polo mundo. Aquelas caixas de luz que empezaban a achegarse de a pouco ás cidades –onde agromaran uns lugares chamados «estudios» para converter en historia un intre ínfimo dunha vida, xa para sempre feito presente en todos os futuros posibles– ficaban en lugares alonxados.

Non había novas dos que destilaban a vida para facela fotografía máis alá das familias senlleiras da vila. As que ían á cidade para facerse uns retratos e as «carte de visite» que lle daban unha outra categoría social aos seus protagonistas. Apelidos vedraños coleccionaban nomes dos pioneiros da imaxe. E mesmo figuraban orixinais de estudios das grandes cidades do Estado, Madrid e Barcelona mandaban, como retratos sen autor do insigne fillo ilustre do Carballiño na asamblea constituinte do Congreso dos Deputados –a imaxe de Tomás María Mosquera data de 1869–. Do século XIX andaban polos arquivos da vila imaxes

de José Rodríguez Caño ou L. Escolá e dos primeiros fotógrafos do XX as fotografías falan do traballo de José Sellier (A Coruña), José Gil (Vigo) e Pacheco (Ourense).

O Carballiño de comezos do pasado século era unha pequena vila marcada por unha historia vencellada aos seus sinais de identidade: encrucillada de camiños, feiras e destino balneario para os que precisaban tomar as augas.

As primeiras imaxes que fixan o imaxinario colectivo carballiñés, fóra dos retratos de estudio, son as encargadas a Pacheco polos propietarios do Gran Balneario do Carballiño. A actividade termal, o recinto balneario e algunhas vistas xerais de espazos do centro de vila quedaron fixadas pola cámara de José Pacheco ao inicio do século XX.

E mentres as familias do Ribeiro alto baixaban a Ribadavia a retratarse a Foto Chao, Llanos rexistraba aos veciños da comarca despe-

dindo a un familiar ou persoeiros como Perfectino Viéitez sumaban imaxes de todos os destinos posibles (Estudio Napoleón, Valentín...) na vila nacía a que co tempo sería toda unha auténtica saga familiar, que chegou a ter ramificacións en Verín. Ramón Godás xa aparecía asinando en 1909 as imaxes das protestas polos asasinatos da revolta de Oseira. Fotógrafo e impresor, editor de xornais, Godás marcou unha época de esplendor. Daba continuidade ao traballo de José Rodríguez, o que se dá como primeiro retratista na vila na altura de 1870, e viña a marcar o camiño que logo seguiron fillos e netos de «O Bruxo». Fotografía La Ibérica-Ramón Godás, Foto Stéreas, Benito Godás, Hijos de Godás de Arriba (deles son as famosas imaxes do enterro de Evaristo Vaamonde, o crego que promoveu a construción da Veracruz) ou Marisa Godás foron establecementos de fotografía vencellados a unha tradición familiar marcada polas imaxes. Xa sen presenza no pobo, segue a funcionar o estudio dos Godás en Verín.



(1890 ca) Avós Serafín Cacho e M^a Antonia, viaxe de noivos. J. Sellier, A Coruña



(1928) Casas da Praza Maior

Nos anos 20, do século XX, Gerardo Pérez representaba a competencia de Ramón Godás dende o seu estudio. Campinas, nome artístico do mesmo tomado do seu pobo de proceden-

cia en O Irixo, foi quen de recoller a testemuña dun tempo no que as citas puntuais da vida social carballiñesa, as festas e o cada vez máis demandado mercado das postais lle deron

un importante pulo a un estudio que marcou o seu tempo no sector.

Unha vila balnearia, cun importante trasego de augüistas e veraneantes, sempre foi un bo reclamo para o mercado das postais. José Pacheco, que a finais do XIX e comezos do XX tivo unha importante presenza no pobo, foi o autor das primeiras iniciativas. Que logo tiveron continuidade con edicións dos anos 1910, 1915, 1920, 1928, 1932, 1940, 1965... Postales Ortiz (Monforte), as edicións de A. Fernández, Campinas... foron algún dos primeiros en asinar traballos neste sector.



(1924 ca.)
Curso Singer-

As feiras competían co termalismo na chamada dos fotógrafos que andaban á procura dos sinais de identidade dun pobo. Cazaux retrataba aos músicos ambulantes e polbeiras no comezo dos anos 30, *Vida Gallega* recollía a actividade da vila e Ksado pasaba polo Carballiño para sumar imaxes ao seu proxecto de país ao que logo lle deu vida cos seus cromos e a serie «Estampas de Galicia». Foto Blanco tamén asina algún orixinal da época.

A vila é destino estival para moitas familias, e fotógrafos de Ourense e Vigo fan do Carballiño un espazo onde desenvolver o seu traballo: Foto Valín e Unifar, nos anos 40, ou Villar Foto –con importante presenza tamén en décadas posteriores– foron referencias daquel tempo. En menor medida, en casos puntuais, tamén Ernesto Schreck. E mentres iso acontecía o día a día era cousa dos fotógrafos carballiñeses. Gabriel Alonso, O Potiños, Info, Foto Belisario ou Aurelio aparecían asinando os seus traballos nos anos 50 e primeiros 60.

Nalgúns casos con proxección nos 70 e mesmo máis adiante. Orjales, Foto Orencio e Foto Graña recollen imaxes na primeira etapa. E no pobo carballiñés de Partovia traballou un tempo Ramón Borrajo. Tamén o ourensán Augusto Pacheco asina orixinais a comezos dos 50.

Figuras senlleiras nesta etapa, en diferente medida, son dous nomes vencellados ao acontecer social e á realidade carballiñesa. Un de fóra da vila, Xosé Rodríguez Arias, O Rizo, e outro do pobo: Felipe Luis López. O Rizo, fotógrafo popular que segue a ser materia pendente da imaxe ourensá por máis que se teñan asinado traballos acerca da súa obra, que segue dando novas achegas nos orixinais que aparecen nas redes sociais, era presenza cotiá no Carballiño. Festas, romarías, feiras, días festivos..., eran xornadas de traballo arreo para un Rizo que se achegaba dende Ourense e que logo, unha vez revelado o material e positivado, poñía á venda nun quiosco do pobo.

Felipe Luis López, profesor de debuxo no colexio Isabel La Católica, desenvolveu proxectos coñecidos e aínda recordados –como as diferentes edicións de postais que recollen espazos de interese do pobo, mesmo algúns que xa son parte da historia– e outros menos coñecidos, como a súa serie sobre a feira. O seu traballo aínda está pendente dunha recuperación que aporte a verdadeira realidade da dimensión do seu arquivo.

E mentres na vila, nesa etapa histórica marcada polo cambio de réxime e o inicio da transición, a fotografía era cousa de Marisa Godás, Aurelio ou Info, foron mudando as cousas e aparecendo novos proxectos no sector: Foto Cine, Couselo, Sofía

González ou Eurofoto seguían a escribir a historia da fotografía no Carballiño nas décadas de finais do século XX.



(1946) Descubrimento da placa na Rúa José Antonio Primo de Rivera nas Festas Patronais



(1969) Reina da Mimosa, damas co Presidente do casino. Foto Rizo



(1985-05-17) Casa da Cultura, LetrasGalegas. Carlos G. Martínez, Acuña Castroviejo, Filgueira Valverde, Antonio Fraguas F., Aurelio Miras, X. L. Glez Tosar, Justo Beramendi. Museo do Pobo Galego

Bibliografía

- As feiras do Rizo. José Luis Cabo e Enrique Acuña. Xociviga, 1989.
 O Carballiño. 1870-1970 Vellas historias Vellas fotografías. Miguel Anxo Fernández. Xociviga. 1992.
 Ramón Godás. Fotógrafo e impresor. Xosé Manoel Rodríguez. Xociviga. 1993.
 Xosé Vázquez Arias. Rizo. Tres décadas de imaxes prodixiosas. Centro Cultural Popular Xaquín Lorenzo - Deputación de Ourense. 2008.
 O Carballiño. 1890 - 1990. Álbum fotográfico da vila do Arenteiro» Xosé Manoel Rodríguez. Deputación de Ourense. 2010.
 Xentes do Carballiño. 1890-1990. Asociación Fotográfica O Potiños. 2016.